

# PROGRAMACIÓN DE AULA RELIXIÓN CATÓLICA

CURSO ESCOLAR: 2022-23

## NIVEL: 2º EDUCACIÓN PRIMARIA. C.E.I.P. A.D.R. CASTELAO

Esta programación de aula corresponde ó curso 2022-23 para o 2º nivel de Educación Primaria na área de Relixión Católica.

A programación de aula concreta os obxectivos, contidos, criterios de avaliación e estándares de aprendizaxe, segundo a lei vixente (Currículo de Relixión Católica da Educación Primaria, BOE de 24 de febreiro de 2015).

Os alumnos distribúense en tres aulas: 2ºA, 2ºB e 2ºC

O CEIP Castelao non conta cun aula de Relixión propia, así que as clases desenvólvense na propia aula.

O centro ten unha aula de informática, onde traballaremos os contidos específicos durante dúas ou tres sesións ao trimestre. A partir deste curso escolar, o centro pertence á Rede Abalar o que contribuirá á mellora do desenvolvemento dos contidos.

### 1.1 CONTEXTUALIZACIÓN

1.1.1 Situación xeográfica e social do concello no que se ubica o centro:

Dende o punto de vista xeográfico, o centro educativo no que se encadra esta programación localízase nunha zona do interior da provincia de A Coruña. O concello está integrado nunha ampla comarca formada por un considerable número de municipios caracterizados topograficamente polo predominio das planicies e pequenas elevacións, sucadas por numerosos cursos fluviais.

Nel predominou tradicionalmente a agricultura e a gandería, actividades que contaron cun peso considerable nos ingresos do municipio ata a década recente nas que a actividade agraria deu paso a un considerable despegue do sector servizos. En relación con isto, o nivel socio-económico da poboación é medio, nalgúns casos medio-baixo.

#### 1.1.2 O centro e as súas características

##### Ubicación

O centro ao que nos estamos a referir é un dos dous colexios de educación infantil e primaria (CEIP) que existen no núcleo de ordes. A poboación é atravesada pola estrada 550 ao longo da cal flúen as edificacións. Entre os servizos dos que dispón o núcleo urbano, atópase o centro médico, polideportivo, unha piscina cuberta, un centro sociocultural dotado de biblioteca pública... Ademais, existen numerosos locais comerciais que fan de Ordes un núcleo mercantil de referencia na comarca.

##### Traxectoria educativa

Na actualidade, este é un colexio de educación infantil e primaria de titularidade pública que escolariza ao redor de 570 alumnos e alumnas de ámbalas dúas etapas. Está composto por 26 unidades de dúas e tres

liñas: 7 en Educación Infantil para os tres niveis educativos do segundo ciclo desta etapa, e 17 unidades de Educación Primaria.

##### Instalacións do colexio

O espazo que acolle o centro ao que nos estamos a referir consta de 3 edificios: dous deles albergan ao

alumnado de educación Infantil e o edificio principal aloxa ao alumnado de educación Primaria, a Biblioteca, o comedor, as aulas das especialidades de música e inglés, así como a sala de mestres, a conserxería e dirección.

O centro conta cun pavillón polideportivo e un ximnasio, pero non con patio cuberto polo que os días de choiva o alumnado debe permanecer nas aulas durante o recreo.

O patio consta de tres zonas: unha para o alumnado de educación infantil, outra parte dianteira para o alumnado do primeiro ciclo de EP e a parte traseira abarca o patio do 2º e 3º ciclo de EP.

##### A Xornada escolar

O colexio ten establecida a xornada única dende as 9:00 ata as 14:00.

## 1.2. O ALUMNADO

### 1.2.1 Características do alumnado do centro

#### Procedencia

O alumnado escolarizado no centro procede do núcleo urbano, das zonas rurais do concello e do municipio colindante polo que é necesario o uso do transporte escolar.

#### Nivel de ocupación profesional das familias

Parte da poboación dedícase ao sector primario e á industria téxtil. Na industria tamén destaca a construción. O sector terciario concéntrase na capital do concello e destacan empresas de comercio ao por maior.

#### Situación sociolingüística

O galego é a lingua predominante na que foron socializados os nenos e nenas e a que usan con maior asiduidade na vida cotiá.

#### 1.2.2 O segundo curso de Educación Primaria

<b>PROGRAMACIÓN DE AULA, RELIXIÓN -2º DE EDUCACIÓN PRIMARIA</b>
---

<b>OBXECTIVOS DE COMPETENCIAS BÁSICAS:</b>
--

- |   |
|---|
| <ol style="list-style-type: none"><li>1. Buscar a felicidade na vida recoñecendo a incapacidade de alcanzala por si sós.</li><li>2. Recoñecer a bondade de Deus Pai ao crear o home para que sexa feliz.</li><li>3. Comprender a amizade de Deus coa humanidade a través do Paraíso.</li><li>4. Recoñecer e identificar nos relatos bíblicos a acción de Deus na historia</li><li>5. Ver en Deus Pai a vida dos Patriarcas: protección, coidado e acompañamento.</li><li>6. Valorar na figura de Deus a busca da salvación do home.</li><li>7. Recoñecer a resposta de María a Deus e valorala.</li><li>8. Comprender o que significa o tempo Advento.</li><li>9. Afondar no sentido do Nadal.</li><li>10. Identificar o Bautismo como a vía de entrada na Igrexa.</li><li>11. Recoñecer e identificar os signos do Bautismo.</li><li>12. Identificar o Pai como figura de unidade na Igrexa.</li><li>13. Afondar no coñecemento dos tempos litúrxicos.</li></ol> |
|---|

CRITERIOS DE AVALIACIÓN DAS COMPETENCIAS BÁSICAS:	INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN DAS C.B.:
<p><b>1- Identificar as calidades e características máis importantes da Relixión cristián.</b></p> <p><b>2- Coñecer e apreciar os valores e normas de convivencia.</b></p> <p><b>3- Extraer e comprender información de distintos tipos de textos.</b></p> <p><b>4- Seleccionar, organizar, interpretar e memorizar información.</b></p> <p><b>5- A plicar os seus coñecementos para solucionar problemas da vida.</b></p>	<p><b>Observación sistemática.</b></p> <p><b>- Ferramentas de avaliación do traballo competencial.</b></p> <p><b>-Análise das producións dos alumnos</b></p> <p><b>-Intercambios orais cos alumnos.</b></p> <p><b>-Probas específicas.</b></p> <p><b>-Autoevaluación.</b></p> <p><b>A avaliación debe ser: continua, global, individualizada, integradora, cualitativa e orientativa.</b></p>

### COMPETENCIAS ESPECÍFICAS NA ÁREA DE RELIXIÓN E MORAL CATÓLICA

O ensino relixioso católico estrutúrase a partir de catro dimensións que fundamentan as competencias específicas do ensino relixioso católico.

- *Dimensión cultural e histórica.* Está presente no ensino relixioso, dado que o patrimonio cultural, histórico e antropolóxico-axiolóxico que gran parte das sociedades recibe do pasado está vertebrado por contidos relixiosos.
- *Dimensión ético-moral.* Esta dimensión fai posible a maduración na responsabilidade, o exercicio da solidariedade e da caridade. Todo iso fundamentado na Palabra e nos feitos de Xesucristo.
- *Dimensión humanizadora.* Faculta o alumno para dar resposta ás súas interrogantes máis radicais, facendo á súa vez posible a formación de homes e mulleres conscientes, críticos, libres e creadores.
- *Dimensión epistemolóxica.* Os seus contidos son saberes cunha fundamentación e cunha metodoloxía científica propia, implantados con rigor e tradición no noso contorno cultural.

### COMPETENCIAS CLAVE

Na área de Relixión Católica traballaremos todas as competencias (Orde do 23 de xullo de 2014):

- Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía.
- Comunicación lingüística.
- Competencia dixital.
- Conciencia e expresións culturais.
- Competencias sociais e cívicas.
- Sentido de iniciativa e espírito emprendedor.
- Aprender a aprender.

#### - Competencias específicas na área de Relixión e Moral Católica:

- 1) Dimensión cultural e histórica.
- 2) Dimensión ético-moral.
- 3) Dimensión humanizadora.
- 4) Dimensión epistemolóxica.

## BLOQUES DE CONTIDOS DE RELIXIÓN CATÓLICA

### Bloque 1. O sentido relixioso do home

- Deus, pai da humanidade, quere a nosa felicidade.
- Deus crea o home para ser o seu amigo. O Paraíso como signo de amizade.

### Bloque 2. A revelación: Deus interven na historia

- A Biblia narra o que Deus fixo na historia.
- Deus actúa na historia. A amizade de Deus cos Patriarcas.
- Deus propón ao home un camiño de encontro con El.

### Bloque 3. Xesucristo, cumprimento da Historia da Salvación

- Deus elixe a María para que o seu fillo se faga home.
- O Advento, espera do cumprimento da promesa de salvación.
- O Nadal: nacemento do Salvador.

### Bloque 4. Permanenza de Xesucristo na historia: a Igrexa

- O Bautismo: incorporación á Igrexa.
- A unidade eclesial: fillos dun mesmo Pai.
- Xesucristo santifica o tempo: o ano litúrxico.

## METODOLOXÍA

- **Traballar de forma competencial**, na área de Relixión Católica, supón un cambio metodolóxico moi importante, xa que os docentes pasamos a ser xestores dos coñecementos dos alumnos e o alumno adquire un maior grado de protagonismo.

- Traballo reflexivo individual no desenvolvemento das actividades individuais.
- Traballo en grupo cooperativo: facer grupos de 3 ou 4 alumnos e utilizar as estruturas da aprendizaxe cooperativa suxeridas na guía do profesorado para traballar os principios de definición de obxectivo grupal, interdependencia positiva e interacción cara a cara.
- Posta en común en gran grupo despois do traballo individual ou grupal.
- Exposición do profesor.
- **Teoría das intelixencias múltiples**, posibilita que todos os alumnos cheguen a adquirir todos os aspectos necesarios para desenvolver un aprendizaxe permanente ó longo da vida.

- **Traballo en grupo colaborativo.**

- **Traballo a partir dun contexto real**, a partir de contextos cercanos ós alumnos para que o coñecemento se transforme en acción, en experiencia y en vivencia.

- **Aprendizaxe significativa e integradora.**

- **Metodoloxía activa.**

- **Autonomía persoal.**

## CRITERIOS DE AVALIACIÓN

### Bloque 1. O sentido relixioso do home

1. Identificar na propia vida o desexo de ser feliz.
2. Recoñecer a incapacidade da persoa para alcanzar por si mesmo a felicidade.
3. Apreciar a bondade de Deus Pai que creou ao home con este desexo de felicidade.
4. Entender o Paraíso como expresión da amizade de Deus coa humanidade.

## **Bloque 2. A revelación: Deus intervén na historia**

1. Identificar a acción de Deus na historia en relatos bíblicos.
2. Coñecer e valorar na vida dos Patriarcas os trazos de Deus Pai: protección, coidado e acompañamento.
3. Recoñecer e apreciar que Deus busca sempre a salvación do home.

## **Bloque 3. Xesucristo, cumprimento da Historia da Salvación**

1. Coñecer e valorar a resposta de María a Deus.
2. Aprender o significado do tempo de Advento.
3. Identificar o significado profundo do Nadal.

## **Bloque 4. Permanencia de Xesucristo na historia: a Igrexa**

1. Recoñecer o Bautismo como medio para formar parte da Igrexa.
2. Observar e comprender os signos presentes na liturxia bautismal.
3. Tomar conciencia de que o Pai xera a unidade da Igrexa.
4. Coñecer o ano litúrxico e os seus tempos.

## **ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE**

### **Bloque 1. O sentido relixioso do home**

- 1.1. Toma conciencia e expresa os momentos e as cousas que o fan feliz a el e ás persoas do seu contorno.
- 2.1. Descubre e nomea situacións nas que necesita as persoas, e sobre todo a Deus, para vivir.
- 3.1. Valora e agradece que Deus o creou para ser feliz.
- 4.1. Le e comprende o relato bíblico do Paraíso.
- 4.2. Identifica e representa graficamente os dons que lle Deus fai ao home na creación.
- 4.3. Expresa, oral e xestualmente, de forma sinxela, a gratitude a Deus pola súa amizade.

### **Bloque 2. A revelación: Deus intervén na historia**

- 1.1. Coñece, memoriza e reconstrúe relatos bíblicos da acción de Deus na historia.
- 1.2. Selecciona e representa distintas escenas bíblicas da acción de Deus na historia.
- 2.1. Asocia expresións e comportamentos dos Patriarcas nos relatos bíblicos a través de recursos interactivos.
- 2.2. Dramatiza momentos da vida dos Patriarcas onde se exprese a protección, o coidado e o acompañamento de Deus.
- 3.1. escoita e describe coas súas palabras momentos nos que Deus axuda o pobo de Israel.

### **Bloque 3. Xesucristo, cumprimento da Historia da Salvación**

- 1.1. Le e expresa, verbal ou graficamente, o relato da Anunciación.
- 1.2. Dramatiza a misión dos personaxes que interveñen na Anunciación.
- 2.1. Identifica os signos de Advento como tempo de espera.
- 2.2. Recoñece e valora a necesidade da espera como actitude cotiá da vida.
- 3.1. Coñece o relato do nacemento de Xesús e descobre na actitude e palabras dos personaxes o valor profundo do Nadal.

### **Bloque 4. Permanencia de Xesucristo na historia: a Igrexa**

- 1.1. Coñece e explica coas súas palabras o sentido do Bautismo.
- 1.2. Identifica os pais, padriños, presbíteros, bautizados como pobo xerado por Xesús.
- 2.1. Asocia os elementos materiais da auga, a luz e o óleo co seu significado sacramental.
- 3.1. Relaciona a unidade da Igrexa coa unidade dos órganos do seu propio corpo.
- 3.2. Sinala en diferentes expresións artísticas a representación de Deus como pai de todos.
- 4.1. Constrúe un calendario onde sitúa os diferentes tempos litúrxicos.

<b>PROGRAMACIÓN DE AULA DE 2º DE EDUCACIÓN PRIMARIA</b>			
<b>ÁREA DE RELIXIÓN E MORAL CATÓLICA</b>			
<b>UNIDADE 1: QUERES QUE SEXA FELIZ (Do 8 de setembro ao 13 de outubro de 2022)</b>			
<b>OBXECTIVOS</b>	<b>CONTIDOS</b>	<b>CRITERIOS DE AVALIACIÓN</b>	<b>ENTÁNDARES DE APRENDIZAXE</b>
<b>1. Descubrir que Deus, Pai da humanidade, desexa a nosa felicidade.</b>	<b>BLOQUE 1. O sentido relixioso do home</b> • Deus, Pai da humanidade, quere a nosa felicidade.	1. Identificar na propia vida o desexo de ser feliz. (Bloque1. Criterio de avaliación 1)	1.1. Toma conciencia e expresa os momentos e as cousas que o fan feliz a el e ás persoas do seu contorno. (Bloque 1. Estándar de aprendizaxe 1.1.)
<b>2. Concibir o Paraíso como signo da amizade de Deus coas persoas.</b>		2. Recoñecer a incapacidade da persoa para alcanzar por si mesma a felicidade. (Bloque 1. Criterio de avaliación 2)	2.1. Descubre e nomea situacións nas que necesita as persoas, e sobre todo a Deus, para vivir. (Bloque 1. Estándar de aprendizaxe 2.1.)
		2. Recoñecer a incapacidade da persoa para alcanzar por si mesma a felicidade. (Bloque 1. Criterio de avaliación 2)	2.1. Descubre e nomea situacións nas que necesita as persoas, e sobre todo a Deus, para vivir. (Bloque 1. Estándar de aprendizaxe 2.1.)
<b>3. Coñecer a historia e os personaxes do relato bíblico «O paraíso».</b>		3. Apreciar a bondade de Deus Pai que creou ao home con este desexo de felicidade. (Bloque1. Criterio de avaliación 3)	3.1. Valora e agradece que Deus o creou para ser feliz. (Bloque 1. Estándar de aprendizaxe 3.1.)
<b>4. Apreciar o valor de contentarse..</b>	<b>BLOQUE 1. O sentido relixioso do home</b> • Deus crea o home para ser o seu amigo. O Paraíso como signo de amizade.	. Entender o Paraíso como expresión da amizade de Deus coa humanidade. (Bloque 1. Criterio de avaliación 4)	4.1. Le e comprende o relato bíblico do Paraíso. (Bloque 1. Estándar de aprendizaxe 4.1.) 4.2. Identifica e representa graficamente os dons que Deus fai ao home na Creación. (Bloque 1. Estándar de

			aprendizaxe 4.2.) 4.3. Expresa, oral e xestualmente, de forma sinxela, a gratitude a Deus pola súa amizade. (Bloque 1. Estándar de aprendizaxe 4.3.)
<b>5. Tomar conciencia do valor de admirar a natureza.</b>	• A Biblia e a arte: O Paraíso	5. Expresar a historia presente nunha obra de arte.	5.1. Observa e dialoga sobre a historia presente nunha pintura.
<b>DETECCIÓN DAS IDEAS PREVIAS:</b>  Facer unha breve exposición do tema para relacionalo co coñecemento adquirido con anterioridade.			
<b>ORIENTACIÓN METODOLÓXICA:</b> Buscar unha aprendizaxe significativa e integradora. • Traballo reflexivo individual no desenvolvemento das actividades individuais.  • Traballo en grupo cooperativo: facer grupos de 3 ou 4 alumnos e alumnas e utilizar as estruturas da aprendizaxe cooperativa suxeridas na guía do profesorado para traballar os principios de definición de obxectivo grupal, interdependencia positiva e interacción cara a cara.  • Posta en común en gran grupo despois do traballo individual ou grupal.		<b>MATERIAIS:</b>  -Debuxos, carteis. - Libro do alumno, - CD audio de cancións. -Fichas. -películas DVD.	

### COMPETENCIAS: DESCRITORES E DESEMPEÑOS

COMPETENCIAS	DESCRITORES	DESEMPEÑOS
<b>Comunicación lingüística</b>	Comprender o sentido dos textos escritos.	Escoita, comprende e dialoga sobre os contidos da unidade.
	Plan lector: Gozar coa lectura.	Comprende a historia e o relato bíblico da unidade.
<b>Competencia dixital</b>	Comprender as mensaxes elaboradas en códigos diversos.	Realiza actividades mediante a utilización de códigos.

<b>Aprender a aprender</b>	Planificar recursos necesarios e pasos para realizar no proceso de aprendizaxe.	Inicia e continúa a aprendizaxe.
	Intelixencias múltiples: Desenvolver as distintas intelixencias múltiples.	Usa a atención, a concentración e a memoria no desenvolvemento das actividades da unidade.
<b>Competencias sociais e cívicas</b>	Educación en valores: Aprender a comportarse desde o coñecemento de distintos valores.	Interioriza o valor de admirar a natureza.
<b>Sentido de iniciativa e espírito emprendedor</b>	Mostrar iniciativa persoal para iniciar ou promover accións novas.	Participa de forma activa nas actividades de aprendizaxe.
<b>Conciencia e expresións culturais</b>	Elaborar traballos e presentacións con sentido estético.	Desenvolve a propia capacidade artística a través da expresión plástica.
<b>Cultural e histórica</b>	Mostrar respecto cara ás obras máis importantes do patrimonio cultural relixioso no ámbito mundial.	Comprende e valora, segundo o seu nivel, o feito relixioso na súa expresión artística, cultural, estética, teolóxica e vivencial.
<b>Competencia humanizadora e ético-moral</b>	Concibir unha escala de valores propia e actuar conforme a ela.	Mostra unha actitude motivadora para o desenvolvemento de valores xenuinamente cristiáns.
<b>Competencia de sentido transcendente</b>	Recoñecer o sentido relixioso do ser humano.	Concibe a Creación como obra e agasallo de Deus.



<b>PROGRAMACIÓN DE AULA DE 2º DE EDUCACIÓN PRIMARIA</b>			
<b>ÁREA DE RELIXIÓN E MORAL CATÓLICA</b>			
<b>UNIDADE 2: REGÁLASME O TEU AMOR (Do 14 de outubro ao 11 de novembro 2022)</b>			
<b>OBXECTIVOS</b>	<b>CONTIDOS</b>	<b>CRITERIOS DE AVALIACIÓN</b>	<b>ENTÁNDARES DE APRENDIZAXE</b>
<b>1. Recoñecer e valorar como Deus coida, protexe e acompaña o seu pobo por medio dos patriarcas.</b>	<b>BLOQUE 2. A revelación: Deus intervé n na historia</b> • Deus actúa na historia. A amizade de Deus cos patriarcas.	1. Coñecer e valorar na vida dos patriarcas os trazos de Deus Pai: protección, coidado e acompañamento.  (Bloque 2. Criterio de avaliación 2)	1.1. Asocia expresións e comportamentos dos patriarcas nos relatos bíblicos a través de recursos interactivos.  (Bloque 2. Estándar de aprendizaxe 2.1.)  1.2. Dramatiza momentos da vida dos patriarcas onde se exprese a protección, o coidado e o acompañamento de Deus.  (Bloque 2. Estándar de aprendizaxe 2.2.)
<b>2. Comprender que Deus sempre sae ao encontro do home para salvalo.</b>	<b>BLOQUE 2. A revelación: Deus intervé n na historia.</b> • Deus propón ao home un camiño de encontro con El.	2. Recoñecer e apreciar que Deus busca sempre a salvación do home.(Bloque 2. Criterio de avaliación 3)	2.1. escoita e describe coas súas palabras momentos nos que Deus axuda o pobo de Israel.(Bloque 2. Estándar de aprendizaxe 3.1.)
<b>3. Descubrir as ensinanzas do relato bíblico «O patriarca Abrahán».</b>	• O relato bíblico «O patriarca Abrahán».	3. Ler e comprender o relato: «O patriarca Abrahán».	3.1. Subliña a promesa feita por Deus a Abrahán. 3.2. Ordena a historia de Abrahán por medio dunhas viñetas.
<b>4. Interiorizar o valor da constancia.</b>	• A Biblia e a arte: «O patriarca Abrahán».	4. Saber que expresa a historia dunha pintura.	4.1. Explica en voz alta a historia dunha pintura.

	• O valor da amizade.	5. Recoñecer e interiorizar o valor da amizade.	5.1. Enumera formas de practicar a amizade.
<b>DETECCIÓN DAS IDEAS PREVIAS:</b>			
Facer unha breve exposición do tema para relacionalo co coñecemento adquirido con anterioridade.			
<b>ORIENTACIÓN METODOLÓXICA:</b> Buscar unha aprendizaxe significativa e integradora. -Usar unha metodoloxía activa. -Facilitar a autonomía personal. <ul style="list-style-type: none"> <li>• Traballo reflexivo individual no desenvolvemento das actividades individuais.</li> <li>• Traballo en grupo cooperativo: facer grupos de 3 ou 4 alumnos e alumnas e utilizar as estruturas da aprendizaxe cooperativa suxeridas na guía do profesorado para traballar os principios de definición de obxectivo grupal, interdependencia positiva e interacción cara a cara.</li> <li>• Posta en común en gran grupo despois do traballo individual ou grupal.</li> </ul>		<b>MATERIAIS:</b> -Película DVD -Debuxos, carteis. - Libro do alumno, - CD audio de cancións. -Fichas.	

### COMPETENCIAS: DESCRITORES E DESEMPEÑOS

COMPETENCIAS	DESCRITORES	DESEMPEÑOS
<b>Comunicación lingüística</b>	Comprender o sentido dos textos escritos.	Escoita, comprende e dialoga sobre os contidos da unidade.
	Plan lector: Gozar coa lectura.	Comprende e goza da historia e do relato bíblico da unidade.
	Expresar oralmente de xeito ordenado e claro calquera tipo de información.	Expresa sentimentos, emocións, vivencias e opinións.
<b>Competencia dixital</b>	Comprender as mensaxes elaboradas en códigos diversos.	Realiza as actividades mediante a utilización de códigos.
<b>Aprender a aprender</b>	Xestionar os recursos e as motivacións persoais en favor da aprendizaxe.	Observa coa finalidade de adquirir información relevante.
	Intelixencias múltiples: Desenvolver as distintas intelixencias múltiples.	Expresa ideas, contidos e sentimentos.

<b>Competencias sociais e cívicas</b>	Educación en valores: Aprender a comportarse desde o coñecemento de distintos valores.	Interioriza o verdadeiro sentido do valor da constancia.
<b>Sentido de iniciativa e espírito emprendedor</b>	Actuar con responsabilidade social e sentido ético no traballo.	Participa, seguindo unhas normas, nos diálogos.
<b>Conciencia e expresións culturais</b>	Ser constante no traballo superando as dificultades.	Mostra entusiasmo e remata as súas actividades.
	Elaborar traballos e presentacións con sentido estético.	Desenvolve a propia capacidade artística a través da expresión plástica.
<b>Cultural e histórica</b>	Mostrar respecto cara ás obras máis importantes do patrimonio cultural relixioso no ámbito mundial.	Comprende e valora, segundo o seu nivel, o feito relixioso na súa expresión artística, cultural e estética, teolóxica e vivencial.
<b>Competencia humanizadora e ético-moral</b>	Concibir unha escala de valores propia e actuar conforme a ela.	Mostra unha actitude motivadora para o desenvolvemento de valores xenuinamente cristiáns.
<b>Competencia de sentido transcendente</b>	Descubrir que Deus intervéen na historia do ser humano.	Recoñece como Deus protexe, coida e acompaña o seu pobo Israel.
<b>Comunicación lingüística</b>	Comprender o sentido dos textos escritos.	Escoita, comprende e dialoga sobre os contidos da unidade.

<b>PROGRAMACIÓN DE AULA DE 2º DE EDUCACIÓN PRIMARIA</b>			
<b>ÁREA DE RELIXIÓN CATÓLICA</b>			
<b>UNIDADE 3: AGARDO ALEGRE A TÚA CHEGADA (Do 14 de novembro ao 22 de decembro de 2022)</b>			
<b>OBXECTIVOS</b>	<b>CONTIDOS</b>	<b>CRITERIOS DE AVALIACIÓN</b>	<b>ENTÁNDARES DE APRENDIZAXE</b>
<b>1. Coñecer o verdadeiro sentido do Advento como tempo de espera.</b>	<b>BLOQUE 3. Xesucristo, cumprimento da historia da salvación</b> • O Advento, espera do	1. Aprender o significado do tempo de Advento.  (Bloque 3. Criterio de avaliación 2)	1.1. Identifica os signos de Advento como tempo de espera.  (Bloque 3. Estándar de avaliación 2.1.)  1.2. Recoñece e valora a

	cumprimento da promesa de salvación..		necesidade da espera como actitude cotiá da vida. (Bloque 3. Estándar de avaliación 2.2.)
<b>2. Comprender é vivenciar o sentido profundo do Nadal por medio de comportamentos cristiáns.</b>	• O Nadal: nacemento do Salvador.	2. Identificar o significado profundo do Nadal. (Bloque 3. Criterio de avaliación 3)	2.1. Coñece o relato do nacemento de Xesús e descobre na actitude e palabras dos personaxes o valor profundo do Nadal. (Bloque 3. Estándar de avaliación 3.1.)
<b>3. Entender a ensinanza do relato bíblico «O anuncio do anxo aos pastores».</b>	• A Biblia e a arte: O anuncio do anxo aos pastores.	3. Interpretar un cadro sobre o anuncio do anxo aos pastores.	3.1. Identifica os personaxes e a escena dun cadro.
<b>4. Tomar conciencia da importancia que ten o valor de saber esperar.</b>	• O valor de saber esperar.	4. Recoñecer o valor de saber esperar.	4.1. Detalla momentos nos que hai que saber esperar.
	• O valor de felicitar.	4. Apreciar o valor de felicitar.	5.1. Felicita o Nadal por medio da expresión plástica.
<b>DETECCIÓN DAS IDEAS PREVIAS:</b> Facer unha breve exposición do tema para relacionalo co coñecemento adquirido con anterioridade.			
<b>ORIENTACIÓN METODOLÓXICA:</b> Buscar unha aprendizaxe significativa e integradora. • Traballo reflexivo individual no desenvolvemento das actividades individuais.  • Traballo en grupo cooperativo: facer grupos de 3 ou 4 alumnos e alumnas e utilizar as estruturas da aprendizaxe cooperativa suxeridas na guía do profesorado para traballar os principios de definición de obxectivo grupal, interdependencia positiva e interacción cara a cara.. • Posta en común en gran grupo despois do traballo individual ou grupal.		<b>MATERIAIS:</b> -Debuxos, carteis. - Libro do alumno, - Película DVD - CD audio de cancións. -Fichas.	

### COMPETENCIAS: DESCRITORES E DESEMPEÑOS

COMPETENCIAS	DESCRITORES	DESEMPEÑOS
<b>Comunicación lingüística</b>	Comprender o sentido dos textos escritos.	Escoita, comprende e dialoga sobre os contidos da unidade.
	Plan lector: Gozar coa lectura.	Comprende e goza da historia e o relato bíblico da unidade.

	Respectar as normas de comunicación en calquera contexto: quenda de palabra, escoita atenta ao interlocutor...	Participa en diálogos seguindo as pautas establecidas.
<b>Competencia dixital</b>	Comprender as mensaxes elaboradas en códigos diversos.	Realiza as actividades mediante a utilización de códigos.
<b>Aprender a aprender</b>	Desenvolver as distintas intelixencias múltiples.	Elabora unha selección de actividades sobre intelixencias múltiples.
	Identificar potencialidades persoais como aprendiz: estilos de aprendizaxe, intelixencias múltiples, funcións executivas...	Logra experiencias de aprendizaxes conscientes e gratificantes.
<b>Competencias sociais e cívicas</b>	Mostrar dispoñibilidade para a intervención activa en ámbitos de participación establecidos.	Participa de forma cooperativa traballando en grupo.
<b>Sentido de iniciativa e espírito emprendedor</b>	Mostrar iniciativa persoal para comezar ou promover accións novas.	Participa de forma activa nas actividades de aprendizaxe.
	Ser constante no traballo superando as dificultades.	Mostra entusiasmo nas súas tarefas e remata os seus traballos.
<b>Conciencia e expresións culturais</b>	Elaborar traballos e presentacións con sentido estético.	Emprega recursos apropiados para o desenvolvemento de actividades plásticas.
<b>Cultural e histórica</b>	Mostrar respecto cara ás obras máis importantes do patrimonio cultural-relixioso no ámbito mundial.	Comprende e valora o feito relixioso na súa expresión artística, cultural e estética, teolóxica e vivencial.
<b>Competencia humanizadora e ético-moral</b>	Concibir unha escala de valores propia e actuar conforme a ela.	Mostra unha actitude motivadora para o desenvolvemento de valores xenuinamente cristiáns.
<b>Competencia de sentido transcendente</b>	Descubrir que Deus intervén na historia do ser humano.	Descobre o sentido cristián do Advento e do Nadal.

<b>PROGRAMACIÓN DE AULA DE 2º DE EDUCACIÓN PRIMARIA</b>			
<b>ÁREA DE RELIXIÓN CATÓLICA</b>			
<b>UNIDADE 4 : FÁLASME DENDE A BIBLIA (Do 9 de xaneiro ao 8 de febreiro de 2023)</b>			
<b>OBXECTIVOS</b>	<b>CONTIDOS</b>	<b>CRITERIOS DE AVALIACIÓN</b>	<b>ENTÁNDARES DE APRENDIZAXE</b>
<b>1. Recoñecer a acción de Deus na historia dos relatos bíblicos.</b>	<b>BLOQUE 2. A revelación: Deus intervéen na historia</b> • A Biblia narra o que Deus fixo na historia.	1. Identificar a acción de Deus na historia en relatos bíblicos.  (Bloque 2. Criterio de avaliación 1)	1.1. Coñece, memoriza e reconstrúe relatos bíblicos da acción de Deus na historia.  (Bloque 2. Estándar de avaliación 1.1.)  1.2. Selecciona e representa distintas escenas bíblicas da acción de Deus na historia.  (Bloque 2. Estándar de avaliación 1.2.)
<b>2. Descubrir na Biblia que Deus sae ao encontro do ser humano e sálvalo.</b>	• O relato bíblico «A tenda do Encontro».	2. Expresar a finalidade de «A tenda do Encontro».	2.1. Establece relación entre frases e viñetas sobre o relato.  2.2. Expresa a función que tiña «A tenda do Encontro».
<b>3. Ler con atención e comprender o relato bíblico «A tenda do Encontro».</b>	• A Biblia e a arte: Deus proponlle ao home un camiño de encontro con El.	3. Recoñecer e apreciar que Deus busca sempre a salvación do home.  (Bloque 2. Criterio de avaliación 3)	3.1. Escolta e describe coas súas palabras momentos nos que Deus axuda o pobo de Israel.  (Bloque 2. Estándar de avaliación 3.1.)
<b>4. Entender e apreciar o valor da inspiración.</b>	• O valor do amor.	4. Descubrir en que consiste o valor do amor.	4.1. Identifica a Deus como fonte de amor.
<b>DETECCIÓN DAS IDEAS PREVIAS:</b>			
